

OS MATICES QUE DEFINEN A FIGURA FUNDACIONAL DAS LETRAS GALEGAS

Rosalía, medos e mitos arredor dunha poeta

Poliédrica, complexa e xenial, a poeta que ocupa o trono central da literatura galega resístese a calquera catalogación, pero a súa memoria chegou ata hoxe asediada polos lugares comúns e polos intentos de derrubalos. TEXTO DE A. LOSADA FOTOS DE TAMARA DE LA FUENTE, OLALLA LOJO E SONIA DAPONTE

DIN OS MANUAIS do ensino primario e secundario que Rosalía de Castro é unha poeta lírica, cantora da saudade, nai de versos de tristura e romanticismo. É a descrición que se corresponde co mito da “santa efíxie da Patria galega, esposa e nai”, segundo o define Francisco Rodríguez, autor da única tese sobre a autora publicada en Galicia. Pero di tamén que é unha descrición moi inexacta para unha autora moi rica en matices. O mito pervive, e Xosé Ramón Barreiro, catedrático de Historia e presidente da Real Academia Galega, argumenta que é debido a que o medo impide derrubalo, “medo aos nacionalistas, á esquerda e á dereita”, medo a tocar o alicerce da cultura galega.

Quen era a verdadeira Rosalía? Unha cuestión sinxela de enunciar pero difícil de resolver. Aínda ninguén redactou unha biografía sólida sobre ela, e os estudos sobre a súa persoa son máis escasos do que deberían e non abundan nos programas de doutoramento das universidades galegas. Aínda así, os máis dos que leron en profundidade a súa obra coinciden en sinalar que era unha muller dunha cultura excepcional, que lía en inglés e francés, que coñecía os filósofos da súa época, que se rebelou contra os ditames do seu xénero

e participou en política silandeira pero activamente. Pensaba, ademais, Galicia coma unha terra con identidade propia –“ti nunca serás española”, escribía– e loitou por difundir e preservar a súa lingua e a súa cultura, ao tempo que mantiña un forte compromiso coas clases pobres. É dicir, tratábase dunha muller “infinitamente poliédrica”, segundo afirma Anxo Angueira coordinador do libro *Rosalía 21*, no que varios autores abordan distintas facetas da autora.

“Rosalía responde a todas as teclas que se queiran tocar –di Angueira–, pódese reivindicar como romántica, lírica, poeta social, política, nacionalista ou independentista, e sempre responde, a todas elas”.

Esas infinitas lecturas que admite son para o escritor “a verdadeira alma rosaliana, de carácter rebelde e sempre do lado

“INTEGROUSE A ROSALÍA DE FORMA DISTORSIONADA NA LITERATURA ESPAÑOLA, COMO UNHA LABREGA IGNORANTE”

dos desposuídos, a alma que o pobo galego reconece”.

Porén, os expertos sinalan o forte reduccionismo ao que foi sometida a súa figura, a míúdo descrita como unha “labrega chorosa e medio analfabeta que describen os que a integran na literatura española”, di Francisco Rodríguez. O filólogo e secretario xeral da UPG opina que dende o Estado houbo un esforzo considerable por “integrar de forma distorsionada” a figura de Rosalía para poder “convertela nun símbolo do que se entendía que Galicia debería representar para o conxunto de España, unha provincia periférica, unha terra de ignorantes e chorómicas”.

A ‘NAICHOROSA’

Esa “deturpación” comeza ao mesmo tempo que o século XX e coincide, segundo Rodríguez, co nacemento das Irmandades da Fala e do

nacionalismo galego como un verdadeiro



Paco Rodríguez



movemento ideolóxico. “En 1917, o Goberno de España inaugurou a escultura de Rosalía que está no paseo da Ferradura da Alameda, cando nunca antes a homenaxearan. “Foi un feito sintomático”, engade, e lamenta que a día de hoxe non se derrubara aínda de todo esta construción.

Anxo Angueira sinala tamén que a poeta foi reducida “ao costumismo, ao folclórico, ao inocuo”, un estado que se mantivo tempo despois por mor do “conservadorismo que lle fixo un dano terrible a Rosalía”. Se Barreiro fala de medo a tocar á Rosalía “que tiña un altar nas casas de todos os galegos”, Angueira cree que a duración do equívoco débese máis á

“comodidade de traballar con estruturas prefabricadas”. Por outra banda, dous dos autores que elaboraron estudos para o libro *Rosalía 21*, Xabier Cordal e Daniel Salgado, poñen en dúbida que a Nai Chorosa de Galicia chegase intacta ata a actualidade. Cordal, escritor e filólogo, asegura que “xa caeron certos mitos fabricados a finais do século XIX, e comezamos a entender mellor a súa figura”, aínda que si reconece que “a quen non a leu e a quen non a quixo entender” resúltalle aínda criba a súa afiliación romántica.

Salgado, xornalista e poeta, lembra que, xa nos 50 e nos 60, Alonso Montero e Ricardo Carvalho Calero comezaron a reivindicar unha Rosalía oposta

A VIDA



1837

MARÍA ROSALÍA RITA, filla de solteira de María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía, unha fidalga pobre, e do párroco José Martínez Viojo, un 24 de febreiro en Santiago de Compostela. Medrou na vila de Padrón e, malia non ter escola, fíxose unha grande formación autodidacta, animada pola súa nai.

1851-1960

A MOZA ROSALÍA actúa en obras de teatro e comeza a escribir en castelán, relaciónase co galeguismo e marcha a Madrid por causas descoñecidas. Alí casa con Manuel Murguía en 1958 e ten un fillo de paternidade non confirmada.

1863

PUBLICA *CANTARES GALEGOS* o libro que marca o inicio do Rexurdimento da literatura do país. A súa edición foi sufragada polos suscriptores que mercaban os seus poemas. A súa implicación política é maior ca nunca.



1868-1874

COA CHEGADA DOS RÉXIMES LIBERAIS a España, Rosalía comeza a ter problemas para publicar e fica decepcionada por que o novo poder político non acometa as reformas sociais que ela esperaba. Admite un certo retiro político e nace o seu segundo fillo, en 1869, mentres a súa fama medra, sobre todo na emigración. En 1974 remata *Follas Novas*.

1875-1880

O SEU RETIRO AUMENTA tras a caída da I República en 1874, xa plenamente decepcionada. Ten catro fillos máis, un deles morre de moi neno nun accidente doméstico, deixándoa fondamente marcada. Ata 1880 non consegue publicar *Follas Novas*, nunha edición financiada con cartos da emigración e prologada por Castelar, como salvoconduto para vencer a censura.



A estatua de Rosalía de Castro situada no Paseo da Ferradura, na Alameda de Santiago, inaugurada en 1917 polo Estado

XABIER CORDAL:
“DENTRO DO
PATRIARCADO, HOUBO
QUEN NON SOUBO LELA
E QUEN NON QUIXO”

ANXO ANGUEIRA: “É
UNHA AUTORA QUE
TOCA TODAS AS TECLAS:
INTIMISTA, ROMÁNTICA,
SOCIAL, NACIONALISTA,
INDEPENDENTISTA...”

á percepción habitual, que se “proletarizou” nos 80 co traballo de Francisco Rodríguez. E argumenta, ao igual que fai María do Cebreiro en *Rosalía 21*, que, hoxe en día, “xa hai un tópico sobre tentar derrubar os tópicos en torno a Rosalía”.

O propio Rodríguez reconece o mérito de Montero e Carvalho, xunto aos que engade a Bouza Brei como os primeiros en asomarse á verdadeira poeta de Castro, aínda que considera que quedaron curtos en asumir toda a forza do seu carácter, que sempre resultou incómodo “nun contexto de patriarcado”. Angueira considera que as teses de Carvalho Calero, centradas en reivindicar unha poeta patriótica, foron asumidas sen crítica

polos estudosos posteriores e volvéronse tan tópicos como aquelas que quixeron derrubar. Confesa tamén que, ás veces, fica xa “canso de loitar contra lugares comúns” como un acto reflexo.


A idealización primeira da figura de Rosalía comeza pouco despois da súa morte en 1885,

“A LENDA DA ROSALÍA
CHOROSA RESISTE
PORQUE HAI MEDO
A CAMBIALA, MEDO
DA ESQUERDA E DA
DEREITA,
MEDO DE
TODOS”

e foi obra de Manuel Murguía que, segundo lembra Barreiro Fernández, “sabía que un poeta pode ser abondo para construír unha nación, e por iso se apartou para deixarlle paso á súa muller”. Desencantado da acción política a que adicara toda a súa vida e desmoralizado pola Restauración

Borbónica en España, Murguía apelou ao sentimento para reforzar a identidade

Xosé Ramón
Barreiro



galega, pola que aínda quería loitar. Porén, nese proceso viuse obrigado a obviar as partes máis fortes do carácter da súa defunta esposa, “xa que unha muller independente, con pensamento político, que vivira á marxe da igrexa e que tivera unha plena asunción da súa sexualidade, non estaba ben vista na moral da época”, di Francisco Rodríguez.

Esas omisións en beneficio da santidad serviron, sen quererlo, para sustentar a escritora de morriña e saloucos que se creou despois, e que tardou tanto en ser derrubada porque, para atacala, había que empregar argumentos que aos propios galeguistas lles

Continúa na páxina seguinte >>

1881-1885

TRAS UNS ÚLTIMOS ANOS economicamente duros, fina en 1885 dun cancro de útero, segundo consigna o parte de defunción. Un ano antes, presa do desencanto, escribira a súa obra mestra en castelán, *En las orillas del Sar*, que pode ser lido como un testemuño biográfico. Ata o final mantivo o seu matrimonio, baseado no respecto intelectual.

1886-1891

A VIDA INDEPENDENTE e alonxada da moral católica que mantivo Rosalía custáralle o desprezo dos conservadores e relixiosos. Desatouse unha polémica sobre o seu lugar de enterramento, que rematou cando trasladaron os seus restos a un anexo ao mosteiro de San Domingos de Bonaval, hoxe o Panteón de Galegos Ilustres en Santiago.

O MITO



185-1891

MANUEL MURGUÍA, que sempre sentira un fondo respecto intelectual pola súa muller e que comeza a reivindicala como poeta nacional de Galicia, esquivando as partes da súa biografía menos adecuadas á moral da época. Os seus predicamentos teñen éxito sobre todo entre os galegos de Cuba e Bos Aires.

1892-1917

NO NACEMENTO DO NACIONALISMO galego, os escritores e políticos galeguistas asumen as teses de Murguía. Coa chegada do século XX, Azorín e outros autores reivindicaron a Rosalía como unha poeta romántica da literatura española. En 1917, o Estado inaugura o monumento que aínda hoxe preside o paseo da Ferradura en Compostela.

1918-1936

A XERACIÓN NÓS segue sen afondar na figura de Rosalía e asume o mito da poeta da saudade e a morriña e en torno a ela edifican parte da identidade nacional galega. Algúns autores como Manoel Antonio rebeláanse contra esa figura, sen reflexionar realmente sobre a autora. O estalido da Guerra Civil enterra a cuestión baixo outros asuntos máis apremiantes.

NON HAI OUTRA LITERATURA QUE TEÑA UNHA MULLER COMO FIGURA PRINCIPAL

resultaban incómodos. Rodríguez reconece que nin as Irmandades da Fala nin a Xeración Nós quixeron ir máis aló do mito de Murguía, “porque os seus intereses eran construír unha literatura cara ao futuro, non ollar ao pasado”, e porque non querían desenterrar detalles “difíciles de asumir na época, coma que vivira sen o marido moitos anos”, que mancasen a un dos alicerces

DANIEL SALGADO: “NON FOI BEN ENTENDIDA PORQUE ESCRIBÍA PARA UN PAÍS QUE AÍNDA NON EXISTÍA”

da identidade literaria galega. Xabier Cordal é máis duro e considera que foi tan doado facela pasar por “unha poeta riquiña porque era unha muller, e dende o patriarcado había moitos que non a leron ben ou non a quixeron ler”.

Para Daniel Salgado é unha proba de que “Rosalía escribía para un pobo que non existía aínda”, e que non hai moitos anos que a sociedade está verdadeiramente preparada para asumir a esta autora “poliédrica” e que “resiste todos os intentos de metela nun caixón”.

Non existe no mundo outro sistema literario que teña unha muller como principal figura, un feito que, para Francisco Rodríguez, “demostra a increíble capacidade de Rosalía, e nunca foi suficientemente reivindicado” dende dentro de Galicia. Neste feito insiste tamén Xabier Cordal, que asegura que o feito de non ter “un home ou un poema épico no centro do sistema literario, dálles aos galegos unha forma única de percibir a cultura e a nación”.

A BIOGRAFÍA PENDENTE

O desexo de ocultar todo o que nela resultaba incorrecto e a necesidade que a propia Rosalía tivo en vida de ocultar o lado máis político da súa actividade para evitar o rexeitamento social, fan que algunhas partes do seu pasado sexan borrosas, e explica que a día de hoxe



Estatua de Rosalía de Castro en Vigo, na avenida que leva o nome da autora

ninguén se atrevese a escribir unha biografía completa e sólida sobre ela. Francisco Rodríguez di que é unha tarefa que lle gustaría acometer algún día, pero reconece a súa dificultade. “Non sabemos moi ben a que foi a Madrid nos anos 50 do século XIX, e hai algúns dos episodios máis polémicos da súa vida que foron silenciados. Cando morreu, houbo quen se opuxo a que fose

A DISTORSIÓN DA SÚA FIGURA E OS BALEIROS DOCUMENTAIS FAN QUE NON SE ESCRIBISE UNHA BIOGRAFÍA SOBRE ELA

enterrada no cemiterio católico, por ser pecadora, e as páxinas dos xornais dese día están arrincadas dos exemplares das hemerotecas”. Cordal, Angueira e Salgado cren que os datos están aí, pero fai falta alguén que os investigue, os poña en orde e lles dea un sentido. Un traballo aínda pendente en torno á que Xabier Cordal describe como “a mellor poeta que houbo nunca en lingua galega”. ■

ESCRITORA EN GALEGO, ESCRITORA EN CASTELÁN

Rosalía de Castro foi unha escritora bilingüe, un aspecto a miúdo incomprendido pero que ten perfecta lóxica na época na que ela vivía. Segundo Francisco Rodríguez, hai poucos estudos que tenten interpretar os seus traballos en galego e castelán de xeito conxunto, debido a que aos galeguistas non lles interesaba moito lembrar que un mito nacional escribía en castelán, e aos expertos en literatura española non lles apetecía considerar os seus traballos nunha lingua periférica. Rodríguez tentou adoptar esa postura para a súa tese, e chegou á conclusión de que “no século XIX, se un quería ser un escritor profesional, como

F. RODRÍGUEZ: “PARA ROSALÍA, O GALEGO ERA PARA A LITERATURA DE COMBATE, E O CASTELÁN, O QUE PRECISABA PARA VENDER”

era o caso de Rosalía, tiña que venderlles textos aos xornais, que non empregaban o galego”. Así, realizou varias novelas folletinescas por entregas, traballos alimenticios non moi destacables literariamente “e que algúns presuntos estudiosos do seu traballo, como Marina Mayoral, empregan para crítica, obviando que mesmo nestas obras emprega un castelán de gran riqueza léxica e literaria”. Por outra banda, segundo Rodríguez, Rosalía era consciente de que naqueles tempos de loitas entre liberais e conservadores esixía tomar partido na política, unha actitude para a que escolleu empregar o galego. “Na nosa lingua redactaba a súa literatura de combate, destinada a proer as conciencias –di o secretario xeral da UPG–. Non escribía para as clases populares, senón para unha burguesía que simpatizaba coas teses do rexionalismo e que foi a que lle financiou a publicación de *Cantares Gallegos* en 1863”.

1950-1963

LOGO DA POSGUERRA, autores como Bouza Brei ou Carvalho Calero comezan a indagar no pasado de Rosalía, esquivando aínda o máis chocante do seu carácter. Instáurase o Día das Letras Galegas nos 100 anos da publicación de *Cantares Gallegos*



1963-1999

OS INTENTOS POR LIMARLE OS BORDES ao mito rosaliano foron constantes durante estes anos, aínda que descubriron que tal lenda gañara solidez durante un século. As reivindicacións dunha Rosalía revolucionaria e combativa deixábanse ver a partir da publicación da tese de doutoramento de Francisco Rodríguez, dirixida por Carvalho Calero en 1988, que afianza esta liña de pensamento. O discurso oficial segue pegado aos tópicos de décadas anteriores, pero a insistencia nunha figura alternativa logra influencia, aínda que ás veces sexa a costa de pagar a peaxe do simplismo.

2000-2009

NESTE SÉCULO aínda quedou moito que indagar sobre Rosalía, pero xa houbo algúns avances, liderados por autores como María do Cebreiro, Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda ou Anxo Angueira, entre outros. Continúa a quedar pendente o estudo fondo da biografía da autora, pero xa se asume que foi unha adelantada ao seu tempo e que a súa capacidade para inspirar infinitas lecturas é unha das súas maiores virtudes.